



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Rexistro Xeral
SAIDA
UVIGO1101 Nº. 200800012745
11-06-2008 11:02:42

## UNIVERSIDADE DE VIGO

**Servizo de Apoio á Investigación REITORADO Asunto:** CONVOCATORIA DA PRODUCCIÓN CIENTÍFICA DO ANO 2007 (PC-2007)

Estimado/a Director/a:

Con esta comunicación iníciase o proceso para a avaliación da Produción Científica do ano 2007 detallándose o procedemento no documento que se achega.

Para iso, os departamentos poderán introducir os novos datos correspondentes á produción científica dos seus profesores, no programa informático habilitado para este fin, xa que logo estes poderán ser volcados no RIGA. Para poder levar a cabo este paso é imprescindible actualizar o censo de investigadores de xeito que nos permita facer a avaliación dos méritos correctamente.

Nesta convocatoria, como na anterior, os departamentos serán depositarios da documentación na súa sede e soamente deberán remitir no prazo estipulado o resumo definitivo asinado polo Secretario ou Director do departamento, facendo constar que os datos remitidos corresponden verazmente á documentación depositada. Ademais do resumo, só se remitirán os libros, capítulos de libro, documentación correspondente a revistas sen clasificar e as patentes segundo o sinalado no procedemento. O resumo definitivo non poderá ser distinto en formato papel do xerado na aplicación informática.

Para a avaliación dos méritos é absolutamente necesario encher correctamente os datos obrigatorios, xa que de non facelo non poderán ser avaliados e non haberá posibilidade de reclamación sobre os mesmos.

Os méritos introducidos correctamente serán avaliados en función das normas de produción científica vixentes.

Finalmente, subliñar que unha vez remitidos os resumos definitivos a este Vicerreitorado e, ao tempo que se valoran os méritos, a documentación depositada no departamento poderá ser solicitada para a súa verificación ou revisión, polo que deberá estar dispoñible e ser remitida, de se-lo caso, no prazo de 5 días no período correspondente (4ª etapa do procedemento establecido).

Vigo, 10 de xuño de 2008  
O VICERREITOR DE INVESTIGACIÓN  
Manuel Reigosa Roger



TÓDOLOS DEPARTAMENTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO